

## ACTA N° 03/2013

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2013.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Solicitud da concesionaria de revisión prezos públicos do servizo da piscina cuberta municipal do Concello.
- 4º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de terrazas para actividades de restauración.
- 5º.- Inicio de expediente para o nomeamento de D. Roberto González Pastoriza como fillo predilecto de Moaña a título póstumo.
- 6º.- Designación de representante da Corporación no consello escolar do CEIP A Guía.
- 7º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento de organización e funcionamento do punto da atención á infancia (Programa Aquelar) do Concello de Moaña.
- 8º.- Moción do Grupo Municipal do BNG sobre enmenda aos orzamentos da Xunta de Galiza para investimentos en Moaña.
- 9º.- Moción do Grupo Municipal do BNG en defensa do servizo de salvamento marítimo da Xunta de Galiza e dos seguros por mal tempo ou accidentes no mar.
- 10º.- Moción da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Moaña sobre Centro de Alta Resolución do Morrazo.
- 11º.- Rogos e preguntas.

#### **Señores/as asistentes:**

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros/as:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Odilo Barreiro Martínez

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 28 de febreiro do 2013, sendo as 20:05 horas, reúnen-se os Señores/as sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Fervenza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe. Cóntase ca presenza entre o público asistente con afectados polas suscripcións preferentes e subordinadas. Teñen excusada a súa inasistencia os Concelleiros do BNG, Dna. Coral Ríos Santomé e D. Xosé Manuel Millán Otero.

O Sr. Alcalde da as boas tardes.

A Sra. Martínez, Concelleira do BNG, disculpa a non asistencia dos Concelleiros do seu Grupo, Sra. Ríos e Sr. Millán, por motivos de saúde.

O Sr. Alcalde sinala que quere informar sobre as reunións mantidas polo asunto das preferentes e as xestións mantidas dende a Alcaldía. No mes de xaneiro, reunión co Xerente do Instituto Galego de Consumo, reunión con José Manuel Fernández Fernández, Director Territorial de Pontevedra de Novagalicia Banco, concentración na Deputación cos afectados e co Concelleiro de Servizos, Ángel González, reunión con Castellano na Coruña, reunión co Presidente da Fegamp, reunión co Conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, reunión cun despacho de avogados para informarnos sobre a arbitraje e a vía xudicial. Iso no mes de xaneiro. En febreiro, reunión con Feijoo, reunións semanais ca Plataforma de afectados para informar dos pasos que se están a dar, nova reunión co Conselleiro de Economía e Industria, reunión ca nova Directora Xeral de Comercio, Sol Vázquez, contactos co Valedor do Pobo, o día 27 con Novagalicia Banco, Martín Blanco Conde. O Departamento de Facenda está a traballar para dar de baixa as contas en Caixanova. Estamos a facer todos os movementos posibles ao noso alcance, buscando algún tipo de solución co banco e no ámbito político. Cando se fala de algún veciño que quedará sen cobrar din dende o banco que se trata de casos de inversores. Tratamos de demostrar que o 99,9% da xente de Moaña non son inversores, son aforradores. Batallas que tratamos de transmitir. As persoas que se manifestan todos os días diante da caixa, os que veñen á Alcaldía... Demostrar que en Moaña non hai inversores. Levamos a traballar dende o mes de xaneiro. Trasladei á Plataforma que había neste Pleno un asunto para nós importante. O Programa Aquelar, para a conciliación da vida persoal e familiar, a posibilidade de tratar este asunto para aprobar o Regulamento do Programa. A Plataforma di que non. Queda pendente. Este Programa é un ben para Moaña. Suspendemos o Pleno.

Un representante da Plataforma afirma que os que eran inversores xa cobraron hai moito tempo. Quedamos os que temos catro duros. Queremos que o Pleno quede suspendido, no caso de que tratásemos un solo punto entón non sería suspensión total. Pedimos por maioría que non houbese Pleno.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que coinciden en que o asunto é importante, pero para nós importantes son todos os puntos incluídos na Orde do día.

O Sr. Alcalde acorda levantar o Pleno, sendo ás vinte horas e vinte minutos do expresado día.

Un representante da Federación de asociacións de veciños da Chamusca entrega ao Secretario escrito sobre a situación do Concello ante a non celebración dos Plenos. (Os Concelleiros e a maior parte do público asistente permanecen nos seus asentos).

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**